

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/4	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Pola urxencia de cada un dos asuntos a tratar.»
Data	18 de marzo de 2022
Duración	Desde as 20:38 ata as 21:31 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURÁN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES (incorpórase á sesión ás 20:48 horas)	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVÁN MANUEL SANMARTÍN EIRÍN	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZÁLEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN	SÍ
[REDACTED]	LUCÍA SEOANE ROSENDE	SÍ



	LUIS LÓPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURÁN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	NON

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE MARZO DE 2022

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de marzo de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expte. nº 342/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN CONTRA ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022 E DE POSTERIOR APROBACIÓN DEFINITIVA

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
PUNTO 1º: A favor: 12, Abstencións: 7, Ausentes: 1
PUNTO 2º: A favor: 12, En contra: 7, Ausentes: 1

Antes de dar comezo ao debate deste asunto, o **Sr. Alcalde** informa que, aínda que o punto a tratar é único e baseado nunha única proposta, inclúe dúas propostas de acordo, polo que se procederá a unha dobre votación, unha para aprobar ou non a proposta de desestimación da reclamación ou alegación presentada ao Orzamento; e, a segunda votación, será para aprobar definitivamente o Orzamento para o exercicio 2022.



Seguidamente toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar que estamos ante unha proposta, previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, para a aprobación, por un lado, da desestimación da alegación presentada, durante a exposición pública, pola Federación de Servizos Pública da UGT, e, por outro lado, a aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2022.

En canto á alegación presentada, segundo o informado pola Intervención municipal, non incorre en ningún dos motivos sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo tanto procede á súa desestimación, procedendo a continuación a aprobar definitivamente o Orzamento.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, en primeiro lugar, quere deixar constancia da súa opinión de que a urxencia desta sesión débese principalmente á falta de previsión por parte do grupo de goberno, incumprindo os prazos que anunciaron.

Centrándose no asunto a tratar, di que os informes que constan no expediente son claros e, polo tanto, esta alegación non entra dentro dos supostos establecidos pola Lei; sen embargo, tendo en conta que á Relación de Postos de Traballo aínda lle queda un longo percorrido xudicial e que esta alegación presentada recolle unha serie de cuestións que afectan ao nomeado documento e que están pendentes de acordos, considera que sería intelixente que o grupo de goberno mantivera aberto o diálogo cos Sindicatos dentro das Mesas de Negociación para chegar a acordos, incluídas as cuestións que se recollen na devandita alegación. Polo dito, o seu grupo se absterá na votación do primeiro punto desta proposta de acordos e, tendo en conta as razóns do seu grupo manifestadas en debates anteriores, votará en contra da aprobación definitiva do Orzamento para o exercicio 2022.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para dicir que, a pesares do recollido no informe de Intervención, o seu grupo estaría de acordo en entrar a estudar o fondo da alegación presentada co fin de analizala en profundidade, sendo esta a razón pola que vai a absterse na votación.

No relativo ao punto de aprobación definitiva do Orzamento 2022, en base ao manifestado no debate da súa aprobación inicial, votará en contra.

Finalmente, sométense por separado os puntos 1º e 2º da proposta de acordos, de xeito que:

Punto Primeiro, é aprobado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do Partido Socialista e Móvete.

Punto Segundo, é aprobado polos votos a favor do grupo do Partido Socialista e en contra dos grupos do Partido Socialista e Móvete.

Adoptándose entón, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente 342/2022, referente ao orzamento municipal para 2022, aprobado inicialmente na sesión plenaria do 03/02/2022 e que permaneceu exposto ao público por espazo de quince días conforme ao anuncio inserido no Boletín oficial da Provincia do día 09/02/2022.

Visto o seguinte escrito, que resultou ser a única reclamación presentada en prazo



contra o dito orzamento,:

- Asinante: D. José Luis Rey García, e/r da Federación de servizos públicos da Unión General de Trabaxadores.
- Data: 01/03/2022.
- Núm. Rexistro de entrada: 2022-E-RE-720

Tendo en conta que, a tenor do informe de Intervención emitido con data 09/03/2022, non concorre no escrito presentado ningunha das tres causas admitidas no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para reclamar contra o orzamento.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 09/03/2022.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o 14/03/2022, a fin de completar a tramitación sinalada no artigo 169 do dito texto legal.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada contra o Orzamento municipal para 2022 por D. José Luis Rey García, en nome e representación da Unión Xeral de Traballadores, por non alegarse ningún dos motivos para tal efecto sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio do ano 2022 nos termos aprobados na sesión plenaria do 3 de febreiro de 2022.

Expediente 1159/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTA EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Para explicar o presente asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comenza dicindo que estamos ante unha proposta de aprobación dun expediente de contratación dunha operación de préstamo a longo prazo (período de 12 anos, 2 de carencia e 10 de amortización), por importe máximo de 4.500.000,00 euros, destinado ao financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal 2022. Mediante este préstamo se busca amortizar as aportacións municipais a diversos proxectos relacionados na Providencia da Alcaldía e posterior Proposta, os cales, resumidamente, proveñen da EDUSI para desenvolvementos urbanísticos, pavimentación rurais, etc, así como para complementar outras inversións que veñen doutras administracións durante este mandato e nos seguintes.

Intervén o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando que o que se está a propoñer é un aumento na débeda municipal de 4,5 millóns de euros, o que lle parece un disparate por estarse a dobrar a débeda viva actual en 8,5 millóns de euros e deixar ao Concello endebedado en máis de 420 euros por veciño a final de ano.



Índose a ao pasado, lembra que o actual grupo de goberno sempre se queixa que este Concello era unha ruína cando chegaron ao poder, cando a débeda era de 162 €/veciño, sen embargo na actualidade dita débeda é de 220 €/veciño e contando cun nivel de ingresos similar, pero chegaremos ao mes de decembro cunha débeda de máis de 420 €/veciño; polo dito, se antes o actual goberno consideraba que era unha ruína económica, entón agora estamos xa en situación de morte clínica.

Continúa dicindo que estamos ante unha débeda histórica derivada da necesidade de tapar as fallas de xestión (tales como a acumulación das licenzas urbanísticas e a lentitude na tramitación dos expedientes de responsabilidade patrimonial, entre outras), con novas obras, o que non lle parece razoable, porque o que se pretende facer é financiar a conta da nosa veciñanza a campaña electoral do ano 2023 e ter en funcionamento as obras nese período de tempo, do que se deduce que o Partido Popular dirixe a este Concello de cara a un precipicio económico que nos deixará un nivel de débeda do 62%. Di que se dentro de dous anos aparecen novas axudas para, por exemplo, saneamentos, o Concello non podería acceder a elas por mor do nivel de débeda co que contaría.

Polo manifestado, o seu grupo non vai a ser cómplice do PP para esta cuestión e para asumir unha débeda como a que se está a propoñer, sobre todo porque non resolve ningún dos problemas estratéxicos que ten A Estrada a día de hoxe, sendo o sentido do voto do seu grupo en contra.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dña, Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa desconformidade con esta proposta pola falta de información sobre o que o grupo de goberno pretende facer con este crédito, considerando que sería prudente falar coa oposición para saber cales son os problemas do noso municipio e as solucións que necesitan os estradenses, pero iso non se fai, tan só se fala de proxectos faraónicos que realmente non dan resposta ás problemáticas do noso concello e que, por desgraza, cada vez está máis decadente.

Polo dito, di que o seu grupo non vai a respaldar esta proposta.

Intervén novamente o **Sr. Blanco Carracedo**, para aclarar que cando o seu partido chegou a este goberno as débedas existentes eran similares as actuais, 4,5 millóns de euros, pero existe unha grande diferenza, este préstamo vaise a pagar dunha forma ordenada nun prazo de 12 anos, mentres que a outra débeda proviña de facturas sen pagar e non existindo un prazo para elo.

Pide a palabra o **Sr. López Bueno** para dicir que, efectivamente, había facturas sen pagar, ao igual que pasa en todos os grupos de goberno, de feito fai unha semana saíron datos sobre todas as facturas actuais que están pendentes sen pagar; así mesmo aclara que unha das facturas que en aquel tempo estaba sen pagar correspondíase co subministro eléctrico e que estaba pendente dunha renegociación do pagamento, así que non é certo que a situación fóra tan dramática como nos queren facer crer, tan só trátase dunha mentira que contaron entón e que seguen mantendo. Sen embargo, considera que agora se nos pretende levar a unha situación moito peor.

O **Sr. Blanco Carracedo** intervén para aclarar que é mentira que nesa época se estivera negociando coa empresa subministradora de electricidade, xa que un representante da empresa presentouse no Concello ameazando con cortar o subministro se non se producía o pagamento, porque no orzamento daquel ano a partida correspondente recollía un importe moi inferior ao gasto real. En canto ás facturas pendentes de pagamento, aclara que unha cousa e estar



pendentes de pagamento e outra pendente de tramitación, porque a final de ano todos os gastos das facturas estaban tramitados, tan só falta o pagamento.

O **Sr. Alcalde** intervén para dicir que entende a postura do grupo socialista; en canto á débeda por veciño á que facía referencia o seu voceiro, lembra a débeda que está a deixar o goberno central a cada veciño de España con ese déficit e débeda pública insostible e que terán que pagar os nosos descendentes.

Continúa dicindo que todas as administracións están a facer unha política de investimentos histórica, lembrando que estamos ante un período de esforzo orzamentario onde están a saír todos os proxectos da Unión Europea, ademais doutros Plans, e que requiren unha aportación do 20% (no mellor dos casos) por parte das administracións solicitantes do financiamento, e esas aportacións hai que acadalas dalgunha maneira.

En canto ao que saíu na prensa sobre as facturas, ao que fai referencia o voceiro socialista, quere aclarar que o procedemento é deixar recoñecidas todas as facturas a 31 de decembro e de facer o pagamento na primeira quincena de xaneiro, cumpríndose o período medio de pagamento e, sobre todo, deixando sempre todas as facturas presentadas pagadas nesa primeira quincena de xaneiro, o que deixa clara a boa xestión deste concello. Así mesmo, di que no ano 2021 este concello foi un dos que máis incrementou a licitación de obra pública, segundo cifras oficiais, o que se acada grazas ao financiamento, aos proxectos, á xestión e, sobre todo, intentando que os recursos do concello se poidan incrementar co investimento doutras administracións públicas; iso é o que queremos acadar coa formalización deste préstamo, porque non se está pensado a curto prazo, senón que vaimos a permitir planificar todos os proxectos e infraestruturas futuras do período de Fondos Europeos 2020 – 2027.

Considera que á oposición lles costa entender este tipo de planeamento e de planificación, ademais de que confunden a débeda de circulante á débeda de facturas, polo que considera que teñen un déficit importante á hora de comprender o como se xestiona unha administración; sobre todo cando hai administración gobernadas polo Partido Socialista que tamén están a levar a cabo contratacións de préstamos para os mesmos fins que se está a facer aquí.

Polo explicado, non entende como votan en contra desta proposta, porque, tendo en conta o período de crise que estamos a vivir, este Concello vai a intentar ser o motor para seguir dinamizando a obra pública e sacar adiante proxecto importantes para o futuro do noso pobo.

Finaliza dicindo que, de todos os xeitos, para temas de tal calado social, non contaban co apoio da oposición, ao igual que noutras ocasións.

Intervén o **Sr. López Bueno** para manifestar que pensa que o Sr. Alcalde quere desvirtuar os datos mediante un discurso político, pero os datos son os que son, este grupo de goberno deixa para finais do 2022 unha débeda viva de 420 euros por veciño/a cando era de 162 € cando entraron, polo tanto, se aquilo era unha ruína económica agora é moito peor. Tamén hai que sumar que deixa sen capacidade de manobra á seguinte corporación.

Entra a continuación a falar sobre o goberno central e a súa débeda, considerando que non ten sentido crítica porque este concello se está a beneficiar dela, porque de aí sae a participación nos ingresos do estado.

Continúa dicindo que este grupo de goberno ten que facer investimentos durante todo o seu mandato e non ao final del, como se está a facer agora, o que deixa claro o tipo de xestión que se está a levar a cabo, porque o nivel de licitación era máis baixo antes que agora. Ademais quere deixar claro que se está a investir moi pouco nas parroquias.



Intervén novamente o **Sr. Blanco Carracedo** para falar de asuntos que nada teñen que ver co asunto a tratar, por exemplo, da maneira de xestionar os gastos e pagamentos polo goberno bipartido PSOE-BNG. Así mesmo, o incremento do PIE ven da man da inflación que estamos a soportar e non polo incremento da actividade económica do país, polo que se quedamos con oito millóns de euros de débeda ao final do ano 2022 é porque teremos oito millóns nos bancos, así que é unha cuestión de contabilidade.

O **Sr. Alcalde** intervén para dicir que lle custa moito entender como o Sr. López Bueno fai tales afirmacións e se quede tan ancho, por exemplo dicir que este grupo de goberno vai a deixar sen capacidade económica á próxima corporación cando se están planificando os investimentos dos próximos seis anos; fala tamén sobre os plans de recuperación que o estado está a financiar con débedas propias, cando o estado os financia cos setenta millóns de euros que aporta Europa; o que si está a financiar con débeda son, por exemplo, as políticas de igualdade, é dicir, cousas coas que queren facer política. Fala tamén o Sr. López de estarse financiando con débeda o PIE, cando o actual goberno do Estado está a asfixiar ás clases traballadoras con impostos e sen mover un só dedo na catastrófica situación económica que estamos atravesando, sen embargo este grupo de goberno municipal está a planificar para facer unha serie de actuacións e proxectos para os vindeiros seis anos e sen subir os impostos á nosa cidadanía nos últimos dez anos, iso si que é xestión e planificación, sendo isto o que marca a diferenza con goberno do Estado que está a fundir ás clases medias cos impostos, adiviñando que vai a ter que vir Europa para asistírnos.

En canto ao reparto dos investimentos en catro anos, explica que se están a xestionar proxectos europeos que considera, algúns deles, como os máis grandes deste concello, nos que se leva traballando seis anos.


No que se refire ao Plan de Recuperación, di que a única liña na que se pode solicitar saíu a semana pasada (PIREP), xa que o resto foron liñas para concellos de menos de 5.000 habitantes; ademais, estamos tendo un serio problema para entrar no programa de fondos extraordinarios. Tamén quere pedir que non se perda de vista que estamos ante un novo período de fondos europeos, o 2021-2027, polo que é lóxico traballar nos proxectos para optar a eles, sendo necesario unha estratexia e un respaldo orzamentario.

Finaliza sinalando que este Concello ten un bo nivel de xestión e cunhas contas envexables a nivel económico, entendendo que os demais grupos políticos municipais teñen que facer a súa oposición e non se lles deixa moito marxe para elo, sobre todo na parte da xestión económica.

Pide a palabra **D. Luis López Bueno** para dicir que ao mellor o Sr. Alcalde tamén está en contra de pagar as baixas de paternidade e maternidade, da educación de 0 a 3 anos gratis, porque os vinte mil millóns de euros do estado van adicados a iso, entre eles cincocentos para política de igualdade, isto o di porque o Sr. Alcalde o critica e dende un punto de vista pouco intelixente.

Traslada a súa sorpresa ante o feito de que o Sr. Alcalde evita falar de datos e se limite a discursos retóricos, considerando que tampouco ten autoridade para falar da suba das cargas impositivas, porque aínda que é verdade que nos últimos anos o Concello non subiu os impostos municipais, si o fixo Montoro con respecto ao IBI.

O **Sr. Alcalde** deduce da anterior intervención do voceiro socialista que cando o gasto corrente é para eles entón é produtivo, favorable e necesario, sen embargo o seu discurso no Orzamento é



desfavorable sobre todo cando é para pagar as escolas infantís e outras políticas sociais, iso demostra a súa coherencia, porque cando é do PSOE interesa o gasto corrente e cando non é o considera malo. Finaliza pedíndolle ao Sr. López Bueno que vaia vendo os orzamentos aprobados polo actual grupo de goberno municipal e comprobe todas as inversións e todas as operacións feita pola Intervención municipal, os informes sobre a situación económica e financeira desta casa e quite as súas conclusións sobre a situación que temos hoxe e a que tíñamos fai once anos, e se seguen pensando que este goberno municipal vai a deixar en quebra este concello é a súa opinión, porque a sociedade en xeral ten unha opinión favorable da xestión que fixo e estar a facer este grupo de goberno.

A continuación volve a explicar o destino e o fin deste préstamo que se está propondo aprobar, reiterando o dito en anteriores intervencións.

(FAISE CONSTAR QUE DURANTE O DEBATE DESTE PUNTO INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA DO GRUPO DO PARTIDO SOCIALISTA DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES)

Finalmente, non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do Partido Socialista e MOVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 09/03/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vista a seguinte documentación, incorporada ao expediente para a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo, de acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia do 08/03/2022:

1.- Informe de Intervención sobre o principio de prudencia financeira.

2.- Informe de Intervención, en relación con:

- A capacidade da Entidade Local para facer fronte, no tempo, ás obrigacións que daquelas se deriven para a mesma, como establece o artigo 52.2 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Se o préstamo está contemplado no orzamento.
- A porcentaxe que supón sobre os recursos ordinarios do orzamento.
- A carga final anual máxima do Concello

3.- Prego de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta que o Anexo de investimentos do orzamento do Concello de A Estrada para o exercicio 2022 (aprobado nun principio na sesión plenaria do 3 de febreiro de 2022 e cuxa aprobación definitiva foi ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de Facenda e Contas o 14 de marzo seguinte) inclúe gastos de capital financiados mediante préstamo por importe total de 4.500.000,00 euros. Tratándose de gastos de inversión que, segundo o disposto no artigo 49 TRLRFL, poden ser financiados mediante o recurso a operacións de crédito. A competencia para a concertación das operacións de crédito, e por tanto, para a aprobación do prego de cláusulas que van rexerán o contrato de préstamo, corresponde ó Pleno da Corporación, segundo o disposto nos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, Reguladora de Bases de Réxime Local e 52.2) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, toda vez que o importe da operación que se tramita supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento,

Visto o artigo 10 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público,





que exclúe do seu ámbito de aplicación os contratos de préstamo. Tendo en conta (non obstante a dita exclusión) a obriga legal das Administracións Públicas de respectar ao máximo os principios legais de publicidade e concorrencia. Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 14/03/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de préstamo a longo prazo para o financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal para o exercicio 2022, polo procedemento aberto de contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación para a concertación dunha operación de préstamo a longo prazo, por importe máximo de 4.500.000,00 euros, destinado ao financiamento dos investimentos previstos no orzamento municipal 2022. (Número de expediente: 1159/2022). A sinatura do correspondente contrato, póliza ou documento mercantil, estará condicionado á aprobación definitiva do orzamento municipal para 2022 e á súa vixencia.

Terceiro.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexerán a devandita operación de préstamo.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (plataforma de contratación do Sector Público) para que, durante o prazo de 15 días naturais desde esta publicación, as entidades financeiras interesadas poidan presentar ofertas axustándose ás determinacións fixadas polo informe de prudencia financeira emitido pola Intervención municipal o 9 de marzo de 2022, no que se toman como referencia para o cálculo do custe total máximo os datos referidos no Anexo I da Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, do 4 de xullo de 2017, segundo a Resolución do 3 de marzo de 2022 (publicada no Boletín Oficial do Estado nº 55, do 5 de marzo), que actualiza o dito Anexo.

Quinto.- Determinar a composición da Comisión técnica que, actuando como mesa de contratación e integrada polos membros que se indican deseguido, deberá constituírse para a apertura de proposicións, así como publicar a dita composición cunha antelación mínima de sete días á reunión na que se procederá a cualificar a documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público:

Presidente:

- D. José López Campos, Alcalde.

Vogais:

- Dona M^a Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria do Concello.
- Dona Carmen Gómez Otero, Interventora do Concello.
- Dona. Ana Isabel Miniño Cacabelos, Tesoureira do Concello.
- Dona. María Rita Rivas de la Iglesia, Técnica de xestión orzamentaria.
- Don Luis López Bueno, Concelleiro do do grupo municipal do Partido Socialista

Secretaria:



- Dona Vanessa Rodríguez Varela, Administrativa do Concello.

Suplentes:

- Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. Para estes efectos, a Secretaria e a Interventora serán substituídas polo funcionario ou funcionaria que legalmente as substitúan; a Técnica de xestión orzamentaria por outro técnico municipal; e, a secretaria da mesa será substituída por unha funcionaria ou funcionario municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante (Plataforma de contratos do sector público) de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de Contratos do Sector Público, así como o resto de documentación que a dita plataforma esixe.

Expediente 1370/2022. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES E MODIFICACIÓN DAS PORTENTAXES MÁXIMA LEGAIS EN RELACIÓN A GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL 2022 - 2023.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen di que estamos ante unha proposta de aprobación da distribución por anualidades 2022-2023 dos proxectos “SINALIZACIÓN URBANA DE CÓDIGO E DIRECCIONAL-PLAN CONCELLOS 2022-2023”, “SINALIZACIÓN DIRECCIONAL NO RURAL PLAN CONCELLOS 2022-2023” e “MELLORA DO CAMPO DE FÚTBOL DE A NOGUEIRA – A ESTRADA”, aos efectos de modificar as porcentaxes que sobre os compromisos de carácter plurianual se recollen no artigo 47.2 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que a distribución destes proxecto ven determinada polo Plan Concellos 2022-2023 e obedecendo a unha falta de planificación do goberno municipal e outros intereses, polo que lamenta a súa actitude na participación política nos investimentos, porque o seu grupo sempre fai propostas, pero o que pasa é que sempre tardan en subir os expedientes á Comisión Informativa e dando pouco marxe aos grupos da oposición para participar, entón no cabe outra que absterse ou votar en contra de determinada propostas.

Finaliza trasladando qu,e como esta proposta entra na propia regulación da axuda e por ser unha decisión que toma o grupo de goberno sen contar coa participación da oposición, o seu grupo se absterá na votación.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o seu voto a favor da proposta que se está a tratar porque se recollen actuacións específicas necesarias e coas que está de acordo.

Finalmente, non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose polos



votos a favor dos grupos do Partido Popular e MOVETE e a abstención do Partido Socialista, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 09/03/2022, en relación co asunto que se trata de seguido.

Vistas as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS 2022-2023), da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOP nº 230 de 27 de novembro de 2021.

Vistos os proxectos redactados polo Arquitecto Técnico Municipal, D. Daniel Órrea Corral, "SINALIZACIÓN URBANA DE CÓDIGO E DIRECCIONAL-PLAN CONCELLOS 2022-2023", "SINALIZACIÓN DIRECCIONAL NO RURAL PLAN CONCELLOS 2022-2023" e " MELLORA DO CAMPO DE FÚTBOL DE A NOGUEIRA - A ESTRADA", aprobados por Resolucións da Alcaldía n.º 2022-0194 do 15/02/2022, n.º 2022-0263 do 24/02/2022 e n.º 2022-0248 do 23/02/2022, respectivamente.

Sendo moi probable a carestía do aluminio e dos produtos asfálticos por mor da guerra en Ucraína, urxe acelerar a tramitación dos contratos co obxecto de manter os prezos e asegurar a viabilidade dos proxectos.

Tendo en conta os prazos necesarios para a aprobación dos proxectos polo ente Provincial, así como o posterior procedemento de contratación, estímase que a execución das obras poderían iniciarse non antes do mes de novembro de 2022, de xeito que, en atención aos prazos de execución, dividíronse os proxectos en 2 anualidades.

Vista a Resolución da Alcaldía n.º 2022-0272, de 25 de febreiro, modificada por Resolución da Alcaldía n.º 2022-0320, de 9 de marzo, pola que se solicita unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 435.328,39 € ao abeiro da Liña 1, Investimentos do PLAN CONCELLOS 2022-2023, para levar a cabo o Proxecto plurianual denominado " MELLORA DO CAMPO DE FÚTBOL DE A NOGUEIRA - A ESTRADA", a executar nas seguintes anualidades:

- ANUALIDADE 2022: 60.708,08 €
- ANUALIDADE 2023: 374.620,31 €

Vista a Resolución da Alcaldía n.º 2022-0265, de 24 de febreiro, pola que se solicita unha subvención á Deputación de Pontevedra por importe de 814.084,07 € ao abeiro da Liña 1, Investimentos do PLAN CONCELLOS 2022-2023, para levar a cabo o Proxecto plurianual denominado "SINALIZACIÓN DIRECCIONAL NO RURAL PLAN CONCELLOS 2022-2023", a executar nas seguintes anualidades :

- ANUALIDADE 2022: 246.825,36 €.
- ANUALIDADE 2023: 567.258,71 €

Vista a Resolución da Alcaldía n.º 2022-0262, de 24 de febreiro, pola que se solicita unha subvención á Deputación de Pontevedra por importe de 292.100,90 € ao abeiro da Liña 1, Investimentos do PLAN CONCELLOS 2022-2023, para levar a cabo o Proxecto plurianual denominado "SINALIZACIÓN URBANA DE CÓDIGO E DIRECCIONAL-PLAN CONCELLOS 2022-2023", a executar nas seguintes anualidades:

- ANUALIDADE 2022: 127.816,24 €
- ANUALIDADE 2023: 164.284,66 €

Visto que os anteditos proxectos, segundo a Base 8.1 das bases da convocatoria do Plan de Obras e Servizos, deberá cumprir os límites para os gastos plurianuais.

Visto que o punto 5 do artigo 174 do TRLRHL establece a competencia do Pleno para que, en casos excepcionais, se poda acordar ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes do punto terceiro do mesmo artigo:

<<...3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos



en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por ciento ; en el segundo ejercicio, el 60 por ciento, y en el tercero y cuarto, el 50 por ciento....>>

Visto o informe da Intervención Municipal de data 9 de marzo de 2022.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de contas en sesión celebrada o 14/03/2022.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por maioría, o seguinte **ACORDO**:

Aprobar a seguinte distribución por anualidades 2022-2023 dos proxectos que se desglosan aos efectos de modificar as porcentaxes que sobre os compromisos de carácter plurianual se recollen no artigo 47.2 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

PROXECTO : "SINALIZACIÓN URBANA DE CÓDIGO E DIRECCIONAL-PLAN CONCELLOS 2022-2023":

- ANUALIDADE 2022: 127.816,24 €
- ANUALIDADE 2023: 164.284,66 €

PROXECTO : "SINALIZACIÓN DIRECCIONAL NO RURAL PLAN CONCELLOS 2022-2023":

- ANUALIDADE 2022: 246.825,36 €
- ANUALIDADE 2023: 567.258,71 €

PROXECTO: "MELLORA DO CAMPO DE FÚTBOL DE A NOGUEIRA - A ESTRADA":

- ANUALIDADE 2022: 60.708,08 €
- ANUALIDADE 2023: 374.620,31 €

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas trinta e un minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións





Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 772GGFF99NYHADQP6M9GJGM4Y | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13